

**Boletín CITMAGA Nº 10-2022**  
**–Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia–**  
**(26/07/2022)**

Información da dirección.....	1
Convocatorias.....	2
Ofertas de emprego.....	3
Chamamentos participación.....	4
Outras novas de interese.....	5
CITMAGA en Medios.....	12

## Información da dirección

*Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:*

*Neste último boletín antes dun merecido descanso, achegamos un resumo das últimas actividades máis relevantes. Informamos tamén de que hoxe se celebrará unha sesión extraordinaria do Consello Reitor para a aprobación da conta correspondente ao ano 2021.*

*Esperámosvos a todos á volta do verán para seguir traballando e construíndo CITMAGA.*

*Boas vacacións!*

*Un saúdo moi cordial.*

*Rosa M. Crujeiras, Directora Científica (en funcións)*

*Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia (en funcións)*

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

## Convocatorias

**SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTAS OU OUTRAS CONVOCATORIAS, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE CITMAGA: [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com)**

- A comezos do mes de agosto de 2022 publicárase a convocatoria da Xunta de Galicia da II edición do programa de Doutoramento Industrial. Dende CITMAGA podemos colaborar na promoción de proxectos contactando coas nosas empresas colaboradoras. Se desexas que dende o centro che axudemos, contacta con ...

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- Bolsas Posdoutorais– Junior Leader 2023 de Fundación “A Caixa”. CITMAGA apoia, como *Institución de Acolida* (HI), a todos os investigadores que desexen, nesta convocatoria, presentar a súa candidatura na modalidade *Retaining*. Trátanse de 15 bolsas posdoutorais para persoas investigadoras de calquera nacionalidade para desenvolver un Proxecto de Investigación nas disciplinas STEM (ciencias da vida, tecnoloxía, enxeñería, matemáticas). Entre os requirimentos, as persoas candidatas deben: ter residido en España máis de 12 meses nos últimos 3 anos; ter obtido o título de doutoramento no período 07/10/15 - 07/10/20; e ter feito unha estada mínima de 6 meses durante o seu doutoramento ou na etapa posdoutoral.

As bolsas cobren un salario de ata 44.300 € ao ano ata 3 anos, e custos de investigación (inscricións a congresos, contratación de persoal para o proxecto, viaxes). Se coñeces a alguén que cumpra co perfil e que estivera interesada/o en unirse ao CITMAGA, non dubidades de contactar connosco para facilitarlle apoio e a carta de Declaración de Interese como HI. Se tes interese en participar neste programa contacta con: [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) / [innovacion@itmati.com](mailto:innovacion@itmati.com)

Prazo: 07/10/2022

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- Servizo de revisión e análise propostas convocatoria ERC-2023-Starting Grants (Programa Oportunius). Dentro das actividades do Programa Oportunius, orientado a incrementar a participación galega nos programas do European Research Council - ERC, a Axencia Galega de Innovación ten dispoñible un servizo de revisión e análise de propostas para as convocatorias do ERC. Este servizo Oportunius está dispoñible no apartado candidatos ERC da súa páxina web para a convocatoria Starting Grants 2023: <http://gain.xunta.gal/artigos/384/impulso+da+oportunidade+erc>. Se tes interese en participar neste programa contacta con: [itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) / [innovacion@itmati.com](mailto:innovacion@itmati.com)

Prazo: aberto entre o 12/07/2022 e o 25/10/2022.

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- Consolidación investigadora da Agencia Estatal de Investigación (AEI). En outubro deste mesmo ano, 2022, está prevista a publicación dunha nova convocatoria destinada á incorporación estable de persoal investigador ó Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación (SECTI)

Prazo: por definir

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- **Misións Ciencia e Innovación.** Apoio a proxectos de I+D empresarial en cooperación, para conseguir: unha investigación relevante que propoña solucións a desafíos transversais e estratéxicos da sociedade española; Mellorar a base do coñecemento e tecnoloxía na que se apoian as empresas españolas para competir; Estimular a cooperación público privada.  
Prazo: 05/09/22  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **Programa Tecnolóxico Aeronáutico.** Apoio a proxectos de I+D empresarial en cooperación, en tecnoloxías aeronáuticas, que contribúan a alcanzar algúns dos retos identificados en relación con: Tecnoloxías enfocadas á redución de emisións: avión cero emisións, UAS, Sistemas Fabricación intelixente e avanzada: Dixitalización.  
Prazo: 28/07/22  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **MSCA – Doctoral Networks**  
Proposta en consorcio para promover doutoramentos.  
Prazo: 15/11/22  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **MSCA – Postdoctoral Fellowships**  
Proposta individual do investigador para continuar súa carreira investigadora despois do doutorado unha Host Institution (CITMAGA).  
Prazo: 14/09/22  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **Planificación das convocatorias 2022 da Agencia Estatal de Investigación (AEI).** A Agencia Estatal de Investigación (AEI) actualizou a planificación das súas convocatorias 2021-2022 a xuño de 2022. O documento cobre as convocatorias 2022 que aínda non se resolveron, e as convocatorias que se esperan publicar do mes de outubro de 2022 en diante, documento actualizado a xuño de 2022.  
📄 Información Convocatorias: pódese ver o documento ([preme aquí](#))
- **Planificación das convocatorias para o ano 2022 da Axencia Galega de Innovación.** Publicada a planificación para o ano 2022 das axudas da Axencia Galega de Innovación.  
📄 Información Convocatorias: podes atopalo premendo en [MAPA DE APOIOS 2022](#).

## Ofertas de emprego

As nosas ofertas de emprego poden consultarse en: <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>. Ofertas de emprego en proceso de resolución:

- [CITMAGA-OT-21/2022: 1 contrato como técnico/a superior de xestión \(Contrato de substitución para a cobertura de posto por permiso de nacemento e coidado de menor\)](#)

## Chamamentos participación

G-NIGHT 2. O último venres de setembro de 2022, o 30 de setembro, celebrarase na Coruña, en Santiago e en Vigo, a “G-NIGHT: noite europea das persoas investigadoras”, un proxecto divulgativo no que colaboran as tres universidades, o CESGA, CITMAGA e outros organismos de investigación. Este ano a G-Night en Galicia será un evento asociado á noite europea das persoas investigadoras de toda Europa. Dende o centro participaremos con charlas breves no ciclo “Matemáticas para a Terra, o mar e a vida”, sesión divulgativas para poñer en valor as Matemáticas.

A Noite Europea das Persoas Investigadoras é un evento de divulgación científica que se celebra de maneira simultánea en cidades de toda Europa o último venres de setembro. O persoal investigador é o protagonista, mostrando a diversidade da ciencia e tecnoloxía e o seu impacto na vida da cidadanía. En breve toda a información estará actualizada na web da G-NIGHT: <https://gnight.gal/>

Se tes interese en participar nestas charlas, escríbenos e contacta con [citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) . Grazas de antemán polas vosas contribucións.

Chamamento desde EU-MATHS-IN. Facémosvos chegar esta información recibida desde Math-in, en relación a actividades e accións promovidas por EU-MATHS-IN, sobre manifestacións de interese que deberían cumprimentarse nas próximas semanas:

- Participación no SIAM: EU-MATHS-IN is organizing a mini-symposium focused on the presentation of successful real-world collaborations between Mathematicians and Industry (ver información máis abaixo).
- Participación en grupos de traballo de EU-MATHS-IN: desde EU-MATHS-IN estánse a organizar grupos de traballo. Se estades interesados en participar nalgún dos grupos de traballo tedes que remitirnos o documento cuberto que aparece máis abaixo no google docs canto antes, para poder facelo chegar a math-in en representación de CITMAGA antes do 26 de agosto de 2022.

-----  
**Topic 1: SIAM Conference on Computational Science and Engineering (CSE23) | February 26 - March 3, 2023 | RAI Congress Centre | Amsterdam, The Netherlands**

Link: <https://www.siam.org/conferences/cm/submissions-and-deadlines/cse23-submissions-deadlines>

*The EU-MATHS-IN is organizing a mini-symposium focused on the presentation of successful real-world collaborations between Mathematicians and Industry. The network is now open for talk proposals that should focus on industrial mathematics success stories developed under memorandum of understanding, contract, or competitive projects with industrial support.*

*As such, if you are a researcher willing to propose a talk on this mini-symposium, **please reply to [secretary@eu-maths-in.eu](mailto:secretary@eu-maths-in.eu) till August 24th (CC'ing [board@eu-maths-in.eu](mailto:board@eu-maths-in.eu)), stating:***

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

- Author(s)
- Author(s) Affiliation(s)
- Presenters
- EU-MATHS-IN National Network
- Involved Companies
- Abstract (max 2000 characters)
- Key words

The final abstract would have to be submitted by the authors till September, 28th but, in order to submit the mini-symposium proposal, it will be needed to know how many contributions the EU-MATHS-IN network may present.

### Topic 2: EU-MATHS-IN working groups

The EU-MATHS-IN working groups formation has deadline August, 31st. Despite some of the working groups may have to start their activity earlier, the interested researchers will be added by the respective Working Group leader to the mailing list as soon as they register.

The EU-MATHS-IN working groups formation is postponed until August, 31st. Despite some of the working groups may have to start their activity earlier, the interested researchers will be added by the respective Working Group leader to the mailing list as soon as they register in the link:

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1oBkmrSjVKaGYfDTk6J5wMq15Owy73jijXBDE4Q7V478/edit?usp=sharing>

-----

## Outras novas de interese

[Xornadas de Análise e Dinamización EuroCC do CESGA](#). Podes consultar neste [enlace](#) tódalas intervencións realizadas no marco da Xornada de Análise e Dinamización EuroCC, que tivo lugar no CESGA o 21 de xuño. Neste evento, o CITMAGA, participou activamente coa intervención da Directora Científica en funcións, Rosa M. Crujeiras, [preme aquí](#) para vela.

O proxecto europeo EuroCC, impulsado polo Joint Undertaking HPC Europa, ten como fin establecer en 33 países Centros Nacionais de Competencias (NCC) en Supercomputación, Big Data e Intelixencia Artificial adaptados ás necesidades da industria (especialmente pymes), do entorno académicos e das administracións públicas. Estes centros nacionais nacen co mandato de promover a adopción e o uso de ditas tecnoloxías para contribuír coa aceleración da innovación nos seus territorios.

[Nota Asamblea Xeral UMI \(por Henar Herrero\)](#). Os días 3 e 4 de xullo de 2022 tivo lugar en Helsinki a Asemblea Xeral do IMU, o día 5 a cerimonia de entrega das Medallas Fields e outras distincións outorgadas pola IMU e o día 6 as conferencias plenarias dos premiados na Universidade de Aalto. Estas xornadas constituíron o inicio do ICM que se celebrou en formato virtual trala suspensión de tódolos eventos previstos en San Petersburgo. Queremos lembrar que o ICM contou con Gabor Lugosi (U. Pompeu Fabra) e Clara Grima (U. de Sevilla) como únicos “sectional speakers” españois.

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

Asistiron á Asemblea Xeral da IMU como delegados do noso país Alfonso Gordaliza (Presidente da CEMAT, U. Valladolid), Luis Narváez (RSME, U. Sevilla), Henar Herrero (SEMA, Universidade de Castela-A Mancha) e Dolors Herbera (SCM, Universidade Autónoma de Barcelona). Entre os acordos alcanzados destacamos os seguintes:

- A celebración do próximo ICM 2026 na cidade de Filadelfia (EEUU), xuntos coa Asemblea Xeral da IMU que se celebrará en Nova York.
- A elección de Guillermo Curbera (U. Sevilla) como membro da Comisión Executiva da Comisión Internacional de Historia das Matemáticas.
- Declaracións motivadas pola situación bélica en Ucraína, ofrecendo axudan a pagar as súas cotas de adhesión á IMU e apoio aos matemáticos Ucraínos nos diferentes países de acollida.

Ademais dos delegados españois, a asemblea contou coa presenza de Olga Gil (U. Valencia), quen é membro da Comisión para os Países en Desenvolvemento ata finais deste ano e Guillermo Curbera.



*Asistentes españois: Dolores Herbera, Luis Narváez, Guillermo Curbera, Olga Gil, Henar Herrero y Alfonso Gordaliza.*



*Medallas Fields no acto de entrega: Maryna Viazovska (Ucrania, Suiza, optimización geométrica), James Maynard (Reino Unido, teoría de números); June Huh (Corea, EEUU, combinatoria e teoría de Hodge); Hugo Duminil-Copin (Francia, Suiza, física estatística).*

*XXVI Seminario de Asesores de Proxectos de I+D+i da Unión Europea.* Seminario organizado por CDTI, celebrouse no Parador de Segovia durante os días 5 ao 7 de xullo de 2022. É o segundo seminario dedicado a Horizonte Europa e ten carácter de iniciación a este Programa. Por parte de CITMAGA participou neste seminario Sebastián Bouzas Rakela, Técnico Superior de Xestión especializado en proxectos europeos. Este seminario estivo dirixido a organizacións con capacidade de participación, e en concreto a persoas cuxa actividade fundamental sexa o apoio á participación de entidades españolas nas actividades de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación financiadas pola Unión Europea a través de Horizonte Europa e iniciativas relacionadas. O obxectivo é que o Seminario permita aos asistentes adquirir as habilidades necesarias para asesorar ás súas organizacións, ou a outras entidades, para orientar e adecuar as súas propostas ás convocatorias de Horizonte Europa, traballando en rede con outras organizacións. Máis información ([preme aquí](#)).

*PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL DO POLO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS DE GALICIA.* A vicepresidencia primeira e consellería de economía, industria e innovación da Xunta de Galicia e o CESGA presentou o Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia nun acto institucional que tivo lugar no Patio de Cristal do Hotel Monumento San Francisco o 15 de xullo de 2022. Por parte de CITMAGA participaron nesta presentación a nosa Directora Científica en Funcións Rosa M. Crujeiras e o noso Director Adxunto a Transferencia en funcións, Javier Roca Pardiñas. Máis información: [preme aquí](#).



*Imaxe da presentación do Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia: representantes de CESGA, Xunta de Galicia, Axencia Galega de Innovación, Universidade de Vigo, Universidad de A Coruña, Universidade de Santiago de Compostela.*

[A PANDEMIA DE COVID-19: ENSINANZAS E PROGRESOS.](#) O mércores 20 de xullo, Juan José Nieto, membro de CITMAGA, participou no curso de verán sobre [A PANDEMIA DE COVID-19: ENSINANZAS E PROGRESOS](#) ([preme aquí](#)), e no posterior coloquio co Prof. Emérito Juan Gestal e co Dr. Federico Martínón, xefe do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

[Participación de CITMAGA no CEDYA 2022.](#) A semana pasada CITMAGA estivo a participar no [XXVII CONGRESO DE ECUACIONES DIFERENCIALES Y APLICACIONES XVII CONGRESO DE MATEMÁTICA APLICADA \(CEDYA/CMA\)](#) que se celebrou en Zaragoza, concretamente do 18 ao 22 de xullo de 2022, na sesión especial: *MS10 "Success Stories between Academia and Industry at CITMAGA"*. Durante este evento, actuaron como coordinadoras da sesión as investigadoras vinculadas ao CITMAGA, Dolores Gómez Pedreira e Pilar Salgado Rodríguez, a quen lles agradecemos a súa colaboración, ao igual que a todo o persoal investigador que participou no minimisymposium. Pódese consultar o "Book of Abstracts": [preme aquí](#) (páxina 21 coas charlas do CITMAGA). O *MS10: "Success Stories between Academia and Industry CITMAGA"* presentado polo CITMAGA tivo lugar o luns de 18 de xullo de 17:30 a 19:30 h., e presentouse o xoves 21 de xullo no mesmo horario.



*Participación de Mª Pilar Salgado Rodríguez, investigadora vinculada ao CITMAGA da USC, co relatorio "Thermo-electromagnetic-mechanical simulation of an electric upsetting process in automotive industry based on Lagrangian formulations".*





*Participación de Sara Recondo Estévez, investigadora en formación do CITMAGA, co relatorio “Computation of resonances in underwater acoustics using Perfectly Matched Layers”.*



*Participación de Umberto Morelli, investigador predoutoral no CITMAGA, co relatorio “Real-time monitoring of molds for the continuous casting of steel”.*

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357



*Participación en liña de M<sup>o</sup>Dolores Gómez Pedreira, investigadora vinculada ao CITMAGA da USC, co relatorio “Mathematical modeling and numerical simulation in SisAl project, an innovative pilot for silicon production”.*

*Participación na xornada “Infab Hub, o Dixital Innovation Hub Industrial Transfronteirizo, aborda as claves do IoT Industrial”.* O Infab Hub celebrou en Vigo o 20 de xullo de 2022 o Foro de IoT Industrial, con empresas e entidades líderes na innovación da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Líderes industriais e profesionais do sector presentaron as claves para a automatización e dixitalización de procesos a través do IoT industrial, con casos de éxito e mellores prácticas e coa vista posta no impulso á innovación na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Por parte do CITMAGA participou o noso Director Adxunto de Transferencia (en funcións), Javier Roca Pardiñas.

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357



*Participantes mesa redonda da xornada: Juan Porto, Responsable de Xestión industrial do Estaleiro Ferrol-Fene; Borgwarner: Jose Carlos Pérez Ramilo, Quality and Manufacturing Services Manager; Riopel: Rui Godinho, Chief Information Officer; Adhex: Rafael López, Responsable de Operacións.*

[VIII Iberian Modelling Week](#). Estes días estase a celebrar do 25 ao 29 de xullo en Coimbra, Portugal, a VIII Iberian Modelling Week, organizada pola rede portuguesa PT-MATHS-IN e por math-in. Esta actividade está dirixida a estudantes de Matemáticas (grao ou máster), e pretende proporcionarlles a oportunidade de traballar en equipo en modelización matemática de problemas aplicados/industriais, promovendo o intercambio de ideas entre participantes e, fundamentalmente, estimulando as vocacións profesionais cara á matemática aplicada e industrial. Podedes atopar máis información na web do evento, ([preme aquí](#)).

[Nova convocatoria de prácticas externas extracurriculares do Consello Social da USC en setembro 2022](#). Como ben coñecedes temos un convenio asinado coa USC para poder propoñer estas prácticas. Se estades interesados/as en facer propostas para a convocatoria de setembro do 2022, esperamos a vosas contribucións, podedes escribir o e-mail: [citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal).

[Participación no 36th International Workshop on Statistical Modelling \(IWSM2022\)](#). María Alonso Pena, investigadora en formación do CITMAGA, premio á mellor presentación no [36th International Workshop on Statistical Modelling \(IWSM2022\)](#) en Trieste. Falou sobre "Modelling zebrafish escape strategies with circular modal regression".

[Reseña da nota de prensa "O mellor de nós", publicada en El Correo Gallego](#). A directora científica en funcións do CITMAGA, Rosa M. Crujeiras, compartiu no diario "El Correo Gallego" unha pequena nota con motivo da

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

celebración do Día de Galicia, o 25 de xullo. Ó longo da súa colaboración, a representante do centro, promociona e reivindica o papel, importancia e potencialidade que o CITMAGA ten para o conxunto da sociedade galega, sendo un exemplo de colaboración frutífera entre as tres universidades do país. Tamén contribúen nesta publicación Elena Vázquez Cendón, decana da Facultade de Matemáticas da USC, e Rosa Rodríguez López, vicedecana no centro, investigadoras vinculadas ao CITMAGA.

## CITMAGA en Medios

- [Unha investigación do CITMAGA sobre xemelgos dixitais, portada da revista “Mathematical Methods in the Applied Sciences”](#). Nova publicada no Xornal da Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) o 13 de Xullo do 2022.
- [Evidencian como a COVID-19 desenvolve unha dinámica de expansión xeográfica máis dispersa e heteroxénea que a gripe](#). Nova publicada no Xornal da Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) o 20 de Xullo do 2022
- [Investigadores de USC e UVigo evidencian como a covid-19 desenvolve unha dinámica de expansión xeográfica máis dispersa e heteroxénea que a gripe](#). Nova publicada no Diario da Universidade de Vigo o 20 de Xullo do 2022
- [A matemática María Victoria Otero Espinar recibirá a medalla do Concello de Ames no acto do Día de Galicia 2022](#). Páxina web do Concello de Ames, 21 de Xullo de 2022.
- [64 mujeres protagonistas, escriben en el día de Galicia](#). Artigo especial publicado no diario “El Correo Gallego” como celebración do Día de Galicia o 25 de xullo do 2022.